GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria

asociación galega de medicina familiar e comunitaria
AGAMFEC

Suplemento da revista
Cadernos de Atención Primaria. Vol. 15 - Nº 1 - Marzo 2008

Nome e Apelidos:

Dirección:

E-mail:

C.P.: Poboación: Provincia:

Data nacemento: D.N.I.: Teléfono:

Lugar de traballo: Teléfono:

Poboación: Provincia:

DATOS PROFESIONAIS

ANO DA LICENCIATURA:

TITULACIÓN:

M.F. e COMUNITARIA:

M.I.R.:

M.G.:

OUTRAS:

INSTRUCCIÓNS PARA A DOMICILIACIÓN DO RECIBO NO BANCO

DATA:

Pídolles que con cargo á miña conta/libreta Nº:

Entidade | | | | | Oficina | | | | | D.C. | | | Conta | | | | | | | | | |

Atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola

ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA.

O titular

Banco ou Caixa Sucursal

Poboación C.P. Provincia

Sinatura

ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA
Rúa Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq. 15004 A CORUÑA
Telf.: 981 216 416 – Fax: 981 217 542 – e-mail: congrega@congrega.es

XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

Presidente
Manuel Domínguez Sardiña

Vicepresidentes
María Jesús Freiria Tato
Jesús Sueiro Justel

Secretario
Vital José Diéguez Pereira

Tesoureira
María Nuñez Temes

Vogal de Docencia
Ricardo Iglesias Losada

Vogal de Investigación
Mª Victoria Martin Miguel

Vogal de Prensa
Begoña Peiteado Garrido

Vogal del PAPPS
Mª José Veleiro Tenreiro

Vogal de Médicos Xovenes
Flora Miranda Pena

Vogal de grupos de traballo
Jaime Gonzálvez Rey

Vogal de Medicina Rural
Gabriel Díaz Grávalos

Vogais de Residentes
Alberto Touceda Bravo
Ángel Piñeiro López

Vogal responsable da páxina web
Gerardo Palmeiro Fernández

SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.
15004. A Coruña
Teléfono: 981 216 416
Fax: 981 217 542
e-mail: congrega@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

1 **GRUPO DE ALCOHOL**
Responsable: *Jacinto Mosquera Nogueira*

2 **GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER**
Responsable: *Abel Coutado Méndez*

3 **GRUPO DE CIRURXÍA MENOR**
Responsable: *Javier Maestro Saavedra*

4 **GRUPO DE COIDADOS PALIATIVOS**
Responsable: *David Vaquerizo García*

5 **GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAÚDE**
Responsable: *Ana Carvajal de la Torre*

6 **GRUPO DE DIABETE**
Responsable: *Fco. Javier García Soidán*

7 **GRUPO DE DISLIPEMIAS**
Responsable: *Alberto J. Del Álamo Alonso*

8 **GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL**
Responsable: *Concepción González Paradela*

9 **GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR**
Responsable: *Enrique Nieto Pol*

10 **GRUPO DE RESPIRATORIO**
Responsable: *César Rodríguez Estévez*

11 **GRUPO DE CARDIOVASCULAR**
Responsable: *Luis Fransi Galiana*

12 **GRUPO DE TABAQUISMO**
Responsable: *Xulio Castañal Canto*

13 **GRUPO DE URXENCIAS**
Responsable: *Fernando Souto Mata*

14 **GRUPO DE VIOLENCIA DOMÉSTICA**
Responsable: *Rosana Izquierdo Fernández*

15 **GRUPO DE BIOÉTICA**
Responsable: *Pilar Vázquez Pumariño*

16 **GRUPO DE ENFERMIDADES NEFROUROLÓXICAS**
Responsable: *Mónica Diosdado Figueirido*

17 **GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL**
Responsable: *Vital Diéguez Pereira*

18 **GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS**
Responsable: *Marina Cid Sueiro*

¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servicios ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Articúlase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPS, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estructura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudios, informes ou propostas.
- Procurar a armonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constituan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFeC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asóciate a AGAMFEC!

XORNADAS DE TITORES

As Unidades Docentes de Medicina Familiar e Comunitaria en colaboración coa Agamfec e Novartis organizaron unhas "Xornadas de titores" en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de Febreiro do 2008 na Sede da FEGAS e no Hotel Porta do Camiño.
Os destinatarios foron os titores do programa de formación especializada dos MIR de Medicina Familiar e Comunitaria. Houbo 88 inscritos e a valoración xeral entre os asistentes foi moi boa.

Contidos: TALLER DE IMPLANTACIÓN DA GUÍA DE PRÁCTICA REFLEXIVA NAS UNIDADES DOCENTES DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA.

Programa y Docentes:

- Presentación e introducción al portafolio.
  Roger Ruiz Moral. Médico de Familia. Coordinador da Unidade Docente de MFyC de Córdoba. Coautor de la Guía de Práctica Reflexiva del Programa MIR de MFyC.

- Taller 1: Estrategias de enseñanza: dar feedback y hacer preguntas. El incidente crítico.
  Roger Ruiz Moral

- Taller 2: Trabajo comunitario. Protocolo de investigación.
  Luis Ángel Perula de Torres. Técnico de Salud. UD de MFyC de Córdoba. Secretario Científico de la Agencia de Investigación de la semFYC

- Taller 3: La videograbación.
  Juan Carlos Arboníes Ortiz. Médico de Familia. Centro de Salud de Rentería. Guipúzcoa

- Taller 4: Análisis de casos clí¬nicos.
  Jesús González Lama. Médico de Familia. Consultorio La Mencía. Córdoba.

- Taller 5: Conducta profesional y ética en la formación del residente. ¿Cuales son las tareas del tutor?.
  José Ramón Loayssa Lara. Médico de Familia y Tutor de MIR de MFyC. CS Azpilagaña. Pamplona.

- Taller 6: Abordaje familiar: el genograma.
  Juan José Rodríguez Salvador. Médico de Familia. CS de Ortuella. Vizcaya. Ex-presidente de la Comisión Nacional de la Especialidad de MFyC.

X XORNADAS DE RESIDENTES DE AGAMFEC

O 29 de febreiro de 2008 tiveron lugar as décimas xornadas de residentes da sociedade galega de medicina familiar e comunitaria no hotel Torres de Santiago en Santiago de Compostela co patrocinio de Almirall.

Ás xornadas acudiron 105 residentes das catro provincias galegas e de case tódalas unidades docentes de Galiza, 20 máis que o ano pasado.

Traballouse en catro obradoiros simultáneos, puidendo elixir os participantes un pola mañá e outro pola tarde. Os obradoiros foron os seguintes:

1- Realización e interpretación de espirometrías.
   Rosario Timbraos Carrasco (C.S Culleredo.A Coruña).
   César rodríguez Estévez (C.S. Bertamiráns. Santiago de Compostela).

2- Insuficiencia cardiaca, visión do médico de familia.
   Luis Fransi Galiana (C.S. Rúa Cuba.Vigo).
   Jacinto Mosquera Nogueira (C.S. Bembrive. Vigo).

3- Arritmias periparada e manexo da vía aérea.
   Fernando Souto Mata (061 Galiza).
   Luisa Chayan Zas (061 Galiza).

4- Entrevista Clínica en situacións difíciles.
   Grupo de traballo de comunicación de AGAMFEC.

A mesa inaugural correu a cargo de Ana Castaño (Xerente de Atención Primaria da área de Santiago de Compostela), Manuel Domínguez Sardiña (Presidente de AGAMFEC), Manuel Castro Dono (Responsable de Relacións Institucionais de Almirall) e Ángel Piñeiro López (Vogal de residentes de AGAMFEC). Na mesa inaugural valorouse a importancia do momento que se está a vivir na Medicina de Familia en España e a necesidade de defender o cumprimento íntegro dos catro anos de residencia recentemente estreados fronte á intención de paliar o déficit de facultativos na atención primaria con R4.

A mesa inaugural seguiuse dunha mesa de presentación de actividades de AGAMFEC e de Semfyc, na que Diego Terceiro (Vogal de residentes de AGAMFEC) falou das revistas

AMF, C@p, Cadernos de Atención Primaria, Atención Primaria e da web de AGAMFEC e SEMFYC asi como a de nova creación para residentes galegos www.resimfec.tk.

O responsable de grupos de traballo e presidente do comité organizador das XII Xornadas Galegas de AGAMFEC que se celebrarán en Vigo o 23 e 24 de maio en Vigo, Jaime Gonzalvez, presentou as devanditas xornadas e invitou ós residentes a participar nos diferentes grupos de traballo da sociedade.

Finalmente Ángel Piñeiro (Vogal de residentes de AGAMFEC) presentou as Xornadas de Residentes de Semfyc que se han celebrar en Logroño os vindeiros 8 e 9 de maio. Asemade presentouse a oferta de intercambio internacional para residentes e xoves médicos de familia a través de Vasco de Gama, movemento de WONCA.

É de destacar a alta participación dos residentes galegos nestas xornadas así como o elevado grao de satisfacción cos obradoiros ofertados.

BASES DA AXUDA AGAMFEC A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN ATENCIÓN PRIMARIA 2008

1. Dotación da axuda e conceptos subvencionables

A AGAMFEC convoca unha axuda para o desenvolvemento dun proxecto de investigación en atención primaria, para realizar nun período mínimo de 12 meses e máximo de 24. A axuda poderá subvencionar ata o 100% do orzamento solicitado, ata un máximo de 6.000 €. O total da subvención poderá dividirse en dúas anualidades, se a duración do proxecto é superior a un ano.

En xeral, a axuda solicitada poderá referirse a algún dos seguintes conceptos:

- Material inventariable e bibliográfico indispensable para a realización do proxecto, debidamente xustificado
- Material funxible e outros gastos, debidamente especificados e xustificados
- Axudas de custo por desprazamento para actividades que se precisen no desenvolvemento do proxecto

Esta axuda será compatible con calquera outra solicitada ou concedida para o mesmo fin, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto, debendo o/a investigador/ora principal declarar o seu cofinanciamento, de ser o caso.

2. Participantes.
   - Equipos de investigación que desenvolvan a súa actividade, laboral e investigadora, no ámbito da atención primaria en Galicia
   - O investigador principal debe ser socio da AGAMFEC, así como o 70% dos compoñentes do equipo
   - Poderá participar no proxecto, en calidade de investigadores/oras asociados/as, outro persoal non pertencente aos puntos anteriores

3. Características dos traballos
   - Os proxectos presentados poderán ter o traballo de campo iniciado pero non rematado
   - Deberán tratar sobre calquera área de actuación da atención primaria. A finalidade principal desta axuda é colaborar no financiamento de proxectos que desemboquen en resultados aplicábeis e transferíbeis ao ámbito da atención primaria.

4. Documentación e prazo de presentación
   - Solicitude normalizada
   - Breve curriculum vitae, normalizado, dos compoñentes do equipo de investigación
   - Memoria do proxecto de investigación en formato normalizado
   - Os comités de valoración poderán requirir dos investigadores/oras as aclaracións ou documentación adicional que consideren oportuna para completar a avaliación dos proxectos.
   - Os documentos sinalados neste apartado estarán dispoñibles na páxina web da AGAMFEC, http://www.agamfec.es
   - O prazo de presentación das solicitudes remata o día 31 de marzo de 2008

5. Criterios de valoración
   - A valoración das solicitudes levarase a cabo en dúas fases, unha primeira fase de avaliación científica, realizada por un Comité Científico Externo, e unha segunda fase de selección, realizada por un Comité de Selección.
   - O Comité Científico Externo estará composto por tres ou catro profesionais de atención primaria, de recoñecido prestixio e experiencia no campo da investigación biomédica e de servizos de saúde, doutras comunidades autónomas e alleas a AGAMFEC. Emitirá a súa avaliación en relación cos seguintes criterios: Orixinalidade, o interese, a metodoloxía, a viabilidade e os aspectos ético-legais.

- O Comité de Selección estará composto polos seguintes membros: dúas persoas de entre os compoñentes do Comité Científico das XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria, dúas persoas de entre os compoñentes do Comité Organizador das XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria e dúas persoas de entre os compoñentes da Xunta Directiva da AGAMFEC. Será condición indispensable dos membros deste comité estar libres de conflictos de interese.
- O Comité Científico Externo emitirá un informe motivado e confidencial de cada un dos traballos presentados, que enviará ó Comité de Selección para a realización da proposta definitiva de concesión.
- A axuda poderá quedar deserta se, tralos informes do comité Científico Externo e/ou a valoración do Comité de Selección, así o consideran.

6. Comunicación dos resultados.
   - A resolución da concesión ou denegación das solicitudes será notificada directamente por escrito ós investigadores/oras principais dos proxectos.

7. Pagamento
   - Farase da forma que, no seu momento, determine a AGAMFEC.

8. Compromisos e seguimento
   - O/a investigador/ora principal deberá remitirlle á AGAMFEC unha memoria, científica e económica, ao remate da duración da axuda.
   - A parte científica conterá a xustificación da realización do proxecto obxecto da axuda, deberá necesariamente axustarse aos contidos do proxecto presentado e conter as distintas fases de realización do programa, os seus resultados, análises e concursións.
   - A parte económica conterá unha descrición dos gastos efectuados, incluíndo xustificación das facturas aboadas, dentro do prazo de realización do proxecto e acordes coas partidas concedidas.
   - Xunto ca memoria final, remitirase xustificación, se procede, do reintegro dos fondos non utilizados no proxecto. O devandito reintegro farase da forma que, de ser o caso, determine a AGAMFEC.
   - Os/as investigadores/oras beneficiarios desta axuda, unha vez aceptada a súa concesión, comprometeranse a difundir os resultados da investigación mediante publicacións en revistas e comunicacións a reunións científicas, e declarar en todas elas o financiamento da AGAMFEC.
   - Do mesmo xeito, deberán mencionar a axuda da AGAMFEC, no caso de que se presente o mesmo proxecto a algunha outra convocatoria pública de financiamento.
   - A produción científica relacionada co proxecto de investigación financiado seralle comunicada a AGAMFEC, acompañando as separatas cando se produza a súa publicación. Do mesmo xeito, a acreditación de presentación a reunións científicas.

   - O incumprimento dos compromisos adquiridos co motivo da aceptación da axuda AGAMFEC dará lugar ao reintegro da cantidade percibida. O devandito reintegro farase da forma que, de ser o caso, determine a AGAMFEC.
   - A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

BASES DOS PREMIOS AS MELLORES COMUNICACIONS PRESENTADAS AS XIII XORNADAS DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

1. CATEGORÍAS E DOTACIÓN ECONÓMICA DOS PREMIOS:
   1. COMUNICACIONES ORÁIS:
      1. Primeiro premio: 800€
      2. Segundo premio: 400€
   2. PANELES CIENTÍFICOS:
      1. Primeiro premio: 800€
      2. Segundo premio: 400€

2. CARACTERÍSTICAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN:
   1. Poden optar ao premio os traballos presentados como Comunicacións científicas e Comunicacións de experiencias.
   2. Deben axustarse as normas de aceptación de resumos das publicadas para as XIII Xornadas de Medicina Familiar e Comunitaria.

3. APARTADOS A AVALIAR EN COMUNCIACIONES CIENTIFICAS
   Orixinalidade
   Interese para Atención Primaria:
   Metodoloxía
      1. Obxectivos
      2. Deseño
      3. Resultados
      4. Conclusións

4. APARTADOS A AVALIAR NAS EXPERIENCIAS
   - Orixinalidade
   - Interese para Atención Primaria:
   - Claridade de explicación
   - Conclusións
   - Aplicabilidade a outros centros

5. Ou comité de valoración estará composto por os membros do Comité Científico dás Xornadas

6. COMUNICACIÓN DOS RESULTADOS E ENTREGA DE PREMIOS

A resolución da concesión e a entrega dos premios farase publicamente durante as XIII Xornadas de Medicina Familiar e Comunitaria, o día 24 de maio no acto de clausura das mesmas.

COMITÉ ORGANIZADOR

Presidente: Jaime González Rey
Vicepresidente: Peregrina Elrca Patiño
Secretario: Rosana Izquierdo Fernández
Tesoureiro: Vital José Diéguez Pereira
Vocais: María Ángeles Corbillón Estévez, Mónica Diosdado Figueredo, Felisa Domínguez Grandal, Mª Jesús Freiría Tato, Teresa Gómez Cerqueiro, Francisco Javier Maestro Saavedra, Andrés Manuel Martínez González, Ángel Piñeiro López

COMITÉ CIENTÍFICO

Presidente: Salvador Pita Fernández
Secretaria: Mª Victoria Martín Miguel
Vocais: Xulio Castañal Canto, Mercedes Ferreira Bouza, Concepción González Paradela, Fernando Lago Deibe, José Luis López Álvarez, Ángel Núñez Vázquez, Luis Ramil Hermida

INFORMACIÓN XERAL

SEDE: IFEVI (Instituto Ferial de Vigo) Avda. do Aeroporto, 772. Coiogrande 36318 Vigo. Pontevedra. Tlf. 986 486 144
DATAS: 23 e 24 de maio de 2008
ORGANIZA: Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria
INSCRICIÓN: As cotas de inscrición inclúen a participación nun dos obradoiros do programa científico . O aforo destes obradoiros será limitado e a inscrición aos mesmos farase por rigurosa orde de solicitude.

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE RESUMOS

1. Deben ser traballos orixinais.
2. Os traballos deben ser remitidos antes do 31 de marzo de 2008.
3. A única forma de remitilos será a través de formato electrónico localizado en www.agamfec.com
4. Os traballos remitidos poderán ser:
   - Comunicacións científicas
   - Comunicacións de experiencias
   - Proxectos de investigación
5. A estructura dos diferentes traballos será a seguinte:
   - Comunicacións científicas: non máis de 250 palabras, cos seguintes apartados: obxectivos, material e métodos, resultados e conclusións.
   - Comunicacións de experiencias: non máis de 250 palabras, cos seguintes apartados: obxectivo e descripción da experiencia.
   - Proxectos de investigación: non máis de 400 palabras, cos seguintes apartados: obxectivos, material e métodos (tipo de estudo, criterios de inclusión- exclusión, xustificación do tamaño muestral, medicións principais, aspectos ético legais)
6. O número máximo de autores, nas comunicacións científicas e de experiencias, será de seis.
7. A forma e normas de presentación comunicaranse tras a aceptación dos resumos.

Premios: Tralá avaliación e presentación das comunicacións, o Comité Científico decidirá premiar as dúas melleres comunicacións orais e poster, podendo quedar deserto algún dos premios.

Autores de la imagen: Dres. José Luis Delgado, Jorge Camesella y Pedro Cañejas.

XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

Vigo 23 e 24 de Maio de 2008
IFEVI (Instituto Ferial de Vigo)

SECRETARÍA TÉCNICA:

Día 23 de Maio

10.00 - 14.00 h. **Obradoiros**
Paciente difícil.
GdT Comunicación e Saúde
Responsable: Julia Bóveda Fontán
C.S. Pintor Colmeiro. Vigo

Terapia en grupo para deshabituación tabáquica.
GdT Abordaxe do tabaquismo
Responsable: Xulio Castañal Canto
C.S. Gondomar. Vigo

Soporte vital avanzado.
GdT Urxencias
Responsable: Fernando Souto Mata

Vendaxes funcionales.
GdT Cirurxía Menor
Responsable: Javier Maestro Saavedra
C.S. Elviña-Mesoiro. A Coruña

11.00 h. **Asamblea PAC**
11.45 - 12.15 h. **Pausa-café**
14.00 - 15.30 h. **Xantar**
15.30 - 17.00 h. **Proxección película: "Las alas de la vida"**
Director: **Toni Canet** / Actor principal: **Carlos Cristos**
17.00 - 17.30 h. **Pausa-café. Entrega de documentación.**
17.30 - 19.00 h. **Mesa redonda: Prevención e atención a dependencia en persoas maiores.**
Moderadora: Dra. Peregrina Eiroa Patiño
C.S. Coia. Vigo

Sistema de atención a dependencia en Galicia
Dra. Montserrat García Cedrón
Dirección Xeral de Acción Social. Xunta de Galicia

Prevención da dependencia dende Atención Primaria
Dr. Emiliano Rodríguez Sánchez
C.S. Miguel Armijo. Salamanca

Fortalezas e debilidades da Lei de Dependencia
Dr. Fernando Vega Fernández
Hospital Calde. Lugo

19.00 - 20.00 h. **Conferencia inaugural: Medicina ambiental.**
Moderadora: **Mª Victoria Martín Miguel**
Gerencia Atención Primaria. Vigo
Ponente: **Nicolás Olea Serrano**
Universidad de Granada. Catedrático de Radiología

20.00 - 20.30 h. **Inauguración oficial**

22.00 h. **Cea**

Día 24 de Maio

09.00 - 11.00 h. **Comunicacións orais**

09.00 - 11.00 h. **Obradoiros**

Violencia de xénero.
GdT Violencia de xénero
Responsable: Rosana Izquierdo Fernández
C.S. Coruxo. Vigo

Atención ó paciente con intoxicación aguda.
GdT Urxencias
Responsable: Fernando Souto Mata
061 Galicia

Espirometrías.
GdT Respiratoria
Responsable: César Rodríguez Estévez
C.S. Bertamirans. A Coruña

Retinopatía diabética. Uso do retinógrafo no midriático.
Responsable: Juan Novoa Rodríguez
C.S. Sardoma. Vigo

Incidentes críticos: unha ferramenta "comodín" do portafolios.
Responsable: Fernando Lago Deibe
Coordinador Ud. MFeC. Vigo

11.00 - 12.00 h. **Mesa de actualizacións**
Moderador: **Dr. Fernando Lago Deibe**
Coordinador Ud. MFeC. Vigo

Novos tratamentos farmacolóxicos para a diabetes.
Dr. Francisco Javier García Soidán
C.S. Porriño. Vigo

Vacuna do virus do papiloma humano.
Dra. María Luisa Morató Agustí
C.S. Sant Just Desvern. Barcelona

Depresión no adulto.
Dr. Arturo Louro González
C.S. Cambre. A Coruña

12.00 - 12.30 h. **Pausa-café**

12.30 - 14.00 h. **Mesa redonda: Infecciones frecuentes en Atención Primaria**
Moderadora: Marina Cid Suelo
C.S. Teis II. Pontevedra

Necesidade de investigación versus tratamento sindrómico en Atención Primaria.
Dr. Santiago Pérez Cachafeiro
Centro Nacional de Epidemiología. Instituto de Salud Carlos III. Madrid

TBC Diagnóstico e tratamento en Atención Primaria.
Dra. Elisa Ausín Rodríguez
Gerencia de A.P. de Cartagena. Murcia

ITU Abordaxe en Atención Primaria.
Dra. Beatriz Veiga López
C.S. A Ponte. Ourense

14.00 - 15.30 h. **Xantar**

15.30 - 17.00 h. **Symposium**

17.00 - 17.30 h. **Pausa-café**

17.30 - 19.00 h. **Mesa redonda: Legalidade e traballo clínico.**
Moderador: **Vital José Dieguez Pereira**
C.S. Porriño. Vigo

Introducción ó dereito sanitario
Dr. Vital José Dieguez Pereira
C.S. Porriño. Vigo

Custodia da historia clínica e relevancia da historia clínica no xuízo
Sr. Jaime Bardají García
Magistrado Decano Juzgados de Vigo. Sala de Gobierno del T.S.J. de Galicia

O menor na consulta e dereito a información médica
Dr. Fernando León Vázquez
C.S. San Juan de la Cruz. Madrid

Aspectos legais e psicolóxicos na violencia racista
Sra. Zaira Bitar Sánchez
S.O.S. Racismo Madrid

19.00 - 19.30 h. **Asamblea AGAMFEC**

19.30 h. **Clausura. Entrega de premios.**

20.15 h. **Cóctel de despedida.**

XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

Boletín de Aloxamento

Apelidos:

Nome: N.I.F:

Enderezo:

Teléfono: Fax:

E - mail:

CP/Cidade: Provincia:

HOTEIS OFICIAIS:

	Habitación individual	Habitación dobre
Nh Palacio de Vigo ****	110 €	126 €
Tryp Los Galeones ****	102 €	118 €

Prezos por habitación e noite. Inclúe almorzo e I.V.E.

CANCELACIONES:
- Ata o 04/04/08 devolución do 100%
- Ata o 25/04/08 facturarase o 50% da reserva
- Con posterioridade o 25/04/08, sen devolución

RESERVA:

TIPO DE HABITACIÓN	☐ INDIVIDIAIL	☐ DOBRE
DÍA ENTRADA	DÍA SAÍDA	
IMPORTE NOITE	Nº DE NOITES	
TOTAL A PAGAR		

FORMA DE PAGO:

Talón nominativo a Congrega S.L. que deberá ser remitido Xunto con este boletín á Secretaría Técnica:

CONGREGA S.L. Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq. 15004 A Coruña Tlf: 981 216 416 - Fax: 981 217 542 - E-mail: secretaria@congrega.es

Os datos recollidos, conforme ao previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, ao presente contrato serán incluídos nun ficheiro automatizado cuxo responsable é Congrega, S.L. con CIF nº B15226772. A finalidade desta recollida de datos é a xestión de congresos e demais eventos organizados por Congrega, S.L. En caso de negarse a comunicar os datos, non sería posible a súa participación nos congresos e demais eventos que sexan organizados por Congrega, S.L. Así mesmo, o titular dos datos autoriza expresamente a ceder as seus datos identificativos a establecementos hoteleiros, axencias de viaxes e transfers, así como a Fundación Casa do Corazón, coa finalidade de xestionar a súa correcta asistencia aos eventos que sexan organizados por Congrega, S.L. En calquera caso, poderá exercitar gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixindose a Congrega, S.L. con enderezo na rúa Rosalía de Castro, 13, 1º esq, CP 15004 da Coruña, achegando fotocopia do DNI e indicando na comunicación "Acceso dereitos LOPD", ou ben, e con carácter previo a tal actuación, solicitar cos mesmos fines que lle sexan remitidos os impresos que o responsable do ficheiro dispón para tal efecto.

XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

Boletín de Inscrición

Apelidos:

Nome: N.I.F:

Enderezo:

Teléfono: Fax:

E - mail:

CP/Cidade: Provincia:

COTAS:

	Ata 18/04/08	Despois do 18/04/08
☐ SOCIOS:	230 €	260 €
☐ NON SOCIOS :	290 €	320 €
☐ RESIDENTES SOCIOS:	100 €	130 €
☐ RESIDENTES NON SOCIOS:	180 €	210 €
☐ ENFERMERÍA:	180 €	210 €
☐ CEA CONGRESISTA:	30 €	30 €

A cota de congresista inclúe: documentación e asistencia ás sesións científicas da reunión, acceso á exposición comercial, cafés de pausa, acto lúdico, xantar do venres(só inscritos nos obradoiros da mañá) e xantar do sábado.

☐ **Asamblea PAC**

OBRADOIROS:

☐ **OBRADOIRO I: Paciente difícil**
☐ **OBRADOIRO II: Terapia en grupo para deshabituación tabáquica**
☐ **OBRADOIRO III: Soporte Vital avanzado**
☐ **OBRADOIRO IV: Vendaxes funcionales**
☐ **OBRADOIRO V: Violencia de xénero**
☐ **OBRADOIRO VI: Atención ó paciente con intoxicación aguda**
☐ **OBRADOIRO VII: Espirometrías**
☐ **OBRADOIRO VIII: Retinopatía diabética. Uso do retinógrafo no midriático**
☐ **OBRADOIRO IX: Incidentes críticos: unha ferramenta "comodín" do portafolios**

O aforo destes obradoiros será limitado e a inscrición aos mesmos farase por rigurosa orde de solicitude

CANCELACIONES:
- Ata o 18/04/08 devolución do 100%
- Ata o 02/05/08 devolución do 80%
- Con posterioridade ó 02/05/08, sen devolución

FORMA DE PAGO:

Talón nominativo a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria que deberá ser remitido xunto con este boletín á Secretaría Técnica:

CONGREGA S.L. Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq. 15004 A Coruña Tlf: 981 216 416 - Fax: 981 217 542 - E-mail: secretaria@congrega.es

Os datos recollidos, conforme ao previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, ao presente contrato serán incluídos nun ficheiro automatizado cuxo responsable é Congrega, S.L. con CIF nº B15226772. A finalidade desta recollida de datos é a xestión de congresos e demais eventos organizados por Congrega, S.L. En caso de negarse a comunicar os datos, non sería posible a súa participación nos congresos e demais eventos que sexan organizados por Congrega, S.L. Así mesmo, o titular dos datos autoriza expresamente a ceder as seus datos identificativos a establecementos hoteleiros, axencias de viaxes e transfers, coa finalidade de xestionar a súa correcta asistencia aos eventos que sexan organizados por Congrega, S.L. En calquera caso, poderá exercitar gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixindose a Congrega, S.L. con enderezo na rúa Rosalía de Castro, 13, 1º esq, CP 15004 da Coruña, achegando fotocopia do DNI e indicando na comunicación "Acceso dereitos LOPD", ou ben, e con carácter previo a tal actuación, solicitar cos mesmos fines que lle sexan remitidos os impresos que o responsable do ficheiro dispón para tal efecto.

www.agamfec.com



www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche

mellor servizo e máis información